

A TARABELA

Texto e dirección: CARMEN CONDE

Ambulante



QUE PASARÍA SE DEIXÁSEMOS ENTRAR AO ABURRIMENTO?

Se as nenas e nenos non tiveran pantallas, se os seus xoguetes non tiveran luces, música e mil estímulos e se por un momento non houbera nada concreto que facer? Se houbera xoguetes de mecanismos e materiais básicos soamente? Pois quizáis, tras uns minutos de queixa, a súa mente poñeríase a buscar, porque dende logo unha cabeciña aburrída non é unha cabeza quieta. E acó vén un segredo: esa é exactamente a porta á imaxinación e á fantasía.

Interpretación: MARIÑA PENA

+ 4 anos



ESTA É A HISTORIA DE MARIÑA, UNHA NENA QUE GRAZAS AO ABURRIMENTO SE CONVERTE EN IDEA!

O seu pensamento ten forma de tarabela de cores. Unha tarabela de 2,20m de altura que cada vez que xira fará que se lle vaian ocorrendo un lote de ideas mentres xoga na súa habitación. Así, irase enfrontando a dragóns, a xigantes, aprenderá a usar o inxenio e ata tocará o violoncello.

Usará a **linguaxe do xogo**, mediante a cal poderemos entrar no seu universo, no que encarnará a distintos personaxes fantásticos. E a iso tamén nos axudarán os seus enormes xoguetes, a música, os efectos visuais e sonoros e o vestiario.

CAL É A MENSAXE?

O aburrimiento, ao que se lle pecharon as portas nestes tempos é, en realidade, un ben necesario para a educación dos nenos e das nenas. O caldo de cultivo para a súa creatividade, para aprender a estar consigo mesmos, como forza motora e impulso prosocial. Amplamente estudado: sen aburrimiento, o futuro pinta mal.